

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

NOVAS / INICIATIVAS

Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria 2017

Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria 2017

27 de maio de 2017, 18:00 h.

Co apoio das Áreas de Cultura do Concello e da Deputación de Lugo

A AELG pretende facer máis visíbel ante a sociedade a Literatura de Tradición Oral levando a Lugo a súa Gala dos Premios Mestras e Mestres da Memoria que, co lema «Lugo, Capital Galega da Literatura de Tradición Oral», terá lugar o 27 de maio

Gala Premios Mestras e Mestres da Memoria 2017

Lugo / Centro Cultural
Vello Cárcere

Avenida Alcalde Anxo López Pérez, 34

(perto da estación de autobuses)

entrada libre até completar aforo

sábado 27 de maio

ás 18:00

no Centro Cultural
Vello Cárcere de Lugo,
na Avenida Alcalde
Anxo López Pérez, 34
(como chegar).

*Mestre Serafin
Mourelle
Mestras Ólida Diz,
Alsira Gil e
Orosia Gil
(Pandeireteiras
da Alén)*



O obxectivo principal da Gala é a entrega dos V Premios Mestras e Mestres da Memoria, que se conceden a informantes de literatura popular, por toda unha vida de dedicación exemplar á transmisión oral de saberes e valores da nosa cultura popular tradicional. A proposta da Sección de Literatura de Tradición Oral, coordinada por Antonio Reigosa, a asemblea xeral de Socios-as da AELG acordou outorgarllelos ás **Pandeireteiras da Alén** (Orosia e Alsira Gil Ramos e Ólida Diz Ramos) e a **Serafin Mourelle Bugallo**.

O principal valor dunha sociedade constitúeno as persoas, os tesouros humanos vivos, homes e mulleres que estiveron atentos para recibir dos seus predecesores a herdanza cultural, que logo reciclan e recrean, e

que adaptan e actualizan con xenerosidade para, por fin, transmitir todos eses saberes herdados aos que veñen detrás.

Nesta cadea de comunicación a cultura popular mantense viva porque se actualiza sen renunciar ás esencias que a distinguen, que a fan ao tempo singular e universal.

Desde a Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) queremos contribuír a manter sempre aberta esa canle de comunicación entre os que por idade e, como consecuencia, por acumulación de experiencias e saberes, gardan a memoria deses esencias da nosa cultura e os que, pola contra, andan aínda descubrindo o mundo que os rodea.
